

II Plan Voluntariado

2011-2015



Voluntarios de **ONOSOLAR**

Introducción

Xa van vinte anos que a **Fundación O Noso Lar** vén desenvolvendo un traballo social importante en todo o concello de Samos por todos recoñecido. Non obstante, os froitos recollidos non serían os mesmos sen o labor “na sombra” de centos de colaboradores que durante todos estes anos levan axudando, desinteresadamente, a quen máis o precisa; xentes anónimas que se achegan a Lousada para prestar a súa axuda sen ningún tipo de protagonismo.

Como froito desta acción e co fin de recoñecer a todos os voluntarios que prestaron servizo na Fundación, nace no ano 2006 o *I Plan de Voluntariado da Fundación O Noso Lar (2006-2008)*, o primeiro que desenvolvía unha entidade deste carácter na nosa Comunidade Autónoma.

A través deste proxecto, todos os colaboradores recibiron información, formación, orientación e apoio para o exercicio das súas funcións na participación activa na organización. Foron asegurados contra os riscos de accidentes e enfermidade derivados directamente do exercicio da actividade; reembolsáronselles os gastos das actividades; dispoxeron dunha acreditación da condición de voluntario e, sobre todo, obtiveron o respecto e o recoñecemento pola súa contribución no labor social.

Nestes intreos, a Fundación **O Noso Lar** continúa sendo consciente, o mesmo que desde os seus inicios, da realidade que están a vivir os habitantes do mundo rural, e por iso quere continuar en disposición de seguir facendo realidade a súa permanente premisa de “**servizo á xente da nosa terra**” intentando, como fixo desde os seus comezos en 1991, ser canle e estímulo para que as persoas que o desexen se impliquen activa e positivamente na transformación cultural, social e pastoral que se está a producir nos nosos pobos.

É certo que nestes últimos tempos producíronse cambios profundos no conxunto da poboación, uns debidos á diminución do número de habitantes de tódalas idades e outros polos cambios nas costumes dos mozos, feito que se constata na diminución do número de voluntarios nestes últimos cinco anos.

A pesar de que a tarefa non é doada dadas as dificultades por todos coñecidas –dispersión da poboación, envellecemento...- a **Fundación O Noso Lar** quere seguir traballando na apaixonante tarefa da promoción da solidariedade interxeracional e por iso, igual que no ano 2006, iste *II Plan de Voluntariado* que presenta, aposta por impulsar as actividades dos que aquí se acheguen, incluíndo a todos os colectivos sen excepción, porque sabemos, por experiencia, que a difusión da acción voluntaria nestes núcleos rurais de Samos e a implicación da xente nova na creación de un tecido social con propostas de futuro, é o modo de revitalizar estas terras.

A finais dos anos noventa e comezos deste século, foron moitos as mozas e mozos que contribuíron eficazmente na construción dun futuro máis esperanzado a través dun traballo organizado con xenerosidade e desde a gratuidade, axudando a manter os valores da participación, cercanía, tolerancia e solidariedade nos nosos pobos.

Esta presenza activa dos máis novos, axuda, indudablemente, a crear novas relacións humanas de tolerancia, compañerismo, cariño, recoñecemento, confianza.... que é, precisamente, o máis necesario nos nosos pobos: Humanizar a convivencia.

A realidade na que nace este *II Plan* e para o que está enfocado caracterízase por:

- 1.- O envellecemento progresivo da poboación da área de acción voluntaria da Fundación O Noso Lar.** É palpable que nos núcleos pobacionais do Concello de Samos cada vez temos máis persoas maiores e moitas menos xoves. As oportunidades que o mozo busca fóra do noso concello fai que moitas das veces emigren para outros núcleos pobacionais con maior entidade e por tanto a poboación que resta aquí é cada vez máis vella.
- 2.- Este envellecemento leva a unha continua e acelerada despoboación dos núcleos rurais;** polo que cada vez é máis frecuente que en Samos a media de idade de determinados núcleos rurais sexa considerablemente alta, e que nun futuro inmediato estas entidades pobacionais tan pequenas perdan aos seus habitantes ou deixe aos que quedan nunha soidade considerable.

- 3.- Como consecuencia do anterior, observamos un **descenso considerable da presenza da mocidade** co que as expectativas de futuro son difíciles.
- 4.- Engádesse ao anterior a **escaseza de infraestrutura e recursos** de cara a fomentar a cultura da solidariedade e da vida social comunitaria.
- 5.- Dificultades todas elas que provocan un **desánimo xeralizado de cara ó futuro**.

Por todo isto, queremos, dentro deste *Ano Europeo do Voluntariado*, seguir apoiando e acompañando aos voluntarios na súa formación humana e pedagóxica porque, en definitiva, o que pretendemos é que sexan conscientes da importancia do traballo que están a facer e saiban transmitilo a todas as persoas.

Este Plan que presentamos comprende tres programas complementarios ou subproxectos interrelacionados entre sí, que denominamos:

a) *Programa de Voluntariado*, b) *Programa de Convivencia* e c) *Programa de Apoio ou Formación*.

a) Programa de Voluntariado

O obxectivo xeral é promover a cultura da solidariedade

Os obxectivos específicos son os seguintes:

- 1.- Crear campañas de sensibilización da acción voluntaria e os valores que representa na sociedade.
- 2.- Motivar á xuventude para que se sinta protagonista da nosa historia.
- 3.- Facilitar canles de participación neste proxecto a tódolos voluntarios.
- 4.- Promover as iniciativas de voluntariado no eido rural encamiñadas a dinamizar os pobos de Samos.
- 5.- Concienciar á xuventude da importancia e necesidade do voluntariado na sociedade rural.

Dende a Fundación O Noso Lar pretendemos que a sociedade comprenda a importancia da acción voluntaria para o desenvolvemento da persoa do rural galego. É importante que o voluntariado faga tarefas de apoio á sociedade e que comprenda que as persoas maiores, como fonte de sabedoría, son un apoio máis no desenvolvemento integral do mozo.

Actividades

Xornadas abertas sobre o voluntariado: o que se pretende é levar o este plan de voluntariado a tódolos puntos xeográficos do concello de Samos, así como a tódalas persoas que sexan beneficiarias do mesmo. Inténtase personalizar a presentación do plan ó máximo posible, para así achegar os seus efectos a un número importante de personas.

Encontros periódicos cos voluntarios: desenvolvendo un labor informativo cara ao voluntario e cos beneficiarios do plan. Estes encontros periódicos toman un carácter interxeracional importante e serven sobre todo para a análise e a concreción das actuacións.

Dinamización do plan de voluntariado vén dada pola súa difusión mediática polo que os voluntarios terán varias ferramentas a utilizar, como:

- A web da propia Fundación O Noso Lar.
- O blog de “Voluntarios O Noso Lar”.
- Apertura de lugares “O Noso Lar”, nas redes sociais.

Por último, pretendemos a apertura dunha actividade máis concreta e innovadora reflectida nos **Campos de Trballo do Voluntariado**. Esta actividade estará coordinada por un Director de Campos de Trballo e terá como fin primordial que rapaces desta nosa comunidade e doutras comunidades incluso do estranxeiro formen parte dun fin social común de apoio ao voluntariado da Fundación O Noso Lar. Estes campos de traballo celebraránse perante todo o ano.

b) Programa de Convivencia

O obxectivo xeral e fomentar a interacción entre as distintas xeracións.

Os obxetivos específicos son os seguintes:

- 1.- Fomentar a autoestima das persoas maiores.
- 2.- Revitalizar os pobos do Concello de Samos con actividades dinámicas e participativas.
- 3.- Implicar a xente nova neste proceso de cara a unha maior convivencia e solidariedade interxeracional.
- 4.- Crear un tecido social do que saian propostas de futuro de cara a mellora-la calidade de vida das persoas que viven nestes pobos

Actividades

Coa xuventude:

- 1.- **Entroido:** Trátase de darlle vida a unha tradición con gran raigame na nosa cultura e promover a participación interxeracional.
- 2.- **Campamento de verán:** Ten por finalidade facilitar aos nenos desta zona do interior, disfrutar dunhas vacacións a carón do mar, nun clima de convivencia e colaboración.
- 3.- **Obradoiros:** Encamiñados a despertar e cultivar as distintas habilidades e capacidades dos participantes e insinar a poñelas ao servizo da comunidade.
- 4.- **Viaxe-Convivencia cultural:** Para ofrecer a posibilidade de coñecer a riqueza da nosa cultura, tanto de Galicia como do resto de España.
- 5.- **Magosto:** Importante na historia destes pobos, de ahí a relevancia da dinamización desta actividade.
- 6.- **Cantar aos Reis:** Recuperar esta tradición é axudar a animar as longas noites do inverno en torno ao Nadal. Axuda a valorar a riqueza da convivencia, do humor e da amizade nestes pobos.

Coa xente maior:

- 1.- Encontros de lecer:** Encontros quincenais de outubro a maio cos maiores de toda a zona. Preténdese, desde unha dinámica participativa, manter experiencias positivas nas que o compartir e convivir.
- 2.- Vacacións de convivencia:** Trátase de propiciar aos nosos maiores a posibilidade dunhas merecidas vacacións, convivindo, disfrutando e coñecendo xuntos outros lugares compartindo novas experiencias.
- 3.- Festa de Convivencia cos Nossos Maiores:** Unha festa anual na que se vive con gozo e intensamente a interacción entre as distintas xeracións.
- 4.- Atención e acompañamento ao maior.** Atender e acompañar ás persoas maiores nas súas casas ou na *Casa de Acollida O Noso Lar* é un principio que xorde da natureza da mesma Fundación. Preténdese que as persoas maiores que se sinten soas ou necesitadas poidan contar coa nosa axuda e compañía.

c) Programa de Apoio ou Formación

O obxectivo xeral e facilitar canles de formación, axuda e acompañamento ás persoas voluntarias.

Os obxetivos específicos son os seguintes:

- 1.- Promover a formación humana e pedagóxica relacionada coa acción voluntaria e participación social.
- 2.- Proporcionar os medios necesarios para levar a cabo as distintas accións.
- 3.- Fomentar o intercambio de experiencias de voluntariado.

Actividades

O tempo libre ten un amplo abano de posibilidades laborais, tanto en institucións públicas como en residencias, áreas de vacacións,

centros socioculturais, empresas de lecer e, en xeral, calquera eido no que a ocupación do tempo libre teña que ser planificada. Conscientes deste feito e do alto nivel de inserción laboral demostrado noutras iniciativas deste tipo, decidiuse ofertar de novo varios cursos formativos dirixidos aos voluntarios, que serán impartidos pola Escola Rural de Tempo Libre.

Os títulos outorgados están, tamén, homologados pola administración autonómica, que capacita para deseñar programas, poñelos en práctica e avaliar actividades de tempo libre orientadas á infancia, á xuventude e as persoas maiores ou con necesidades específicas. Neste sentido, a programación que se propón é a seguinte:

1.-Curso de Directores de actividades de tempo libre 2012.

2.-Curso de Monitores de actividades de tempo libre 2011, 2013.

3.-Curso de Director de Campos de Traballo 2014.

Co fin de de determinar a aptitude ou formación dos voluntarios é necesario desenrolar actuacións en programas ou proxectos, así como establecer medidas que fomenten a promoción e formación do voluntariado colaborando coas entidades existentes. Proponse para isto un

4.-Curso de formación do Voluntariado.

Porque sabemos que a formación é un pilar básico nas actividades de voluntarios e hoxe en día é necesario dispoñer de coñecementos acadados para traballar con xoves e maiores cara a desenrolar as actividades, ben nunha asociación xuvenil, un campamento de verán, un albergue, etc, propoñemos:

5.-Formación específica para o tempo libre: Novas tecnoloxías, expresión corporal, orientación, senderismo, nutrición e cociña, xogos...





FUNDACIÓN O NOSO LAR

San Román de Lousada
27620 SAMOS (Lugo)

Telf./Fax 982.18.70.04

Web: www.onosolar.org

E-mail: fundación@onosolar.org